


## A Chan do Cereixo, un dos valores naturais de Gondomar en perigo

CÉSAR VIDAL RODRÍGUEZ

O proxecto de construción dun campo de golf leva anos planando sobre o espazo natural da Chan do Cereixo, unha chaira na extrema do concello de Gondomar, limítrofe con Tomiño e a carón do antigo aeródromo de Pinzás. Para chegar á Chan do Cereixo só hai que seguir a estrada de Sabarís até San Cibrán, seguir até Pinzás e xusto antes de chegar, a uns 200 metros, coller calquera pista de terra a man esquerda. A tan só uns centos de metros atopamos a zona da Chan do Cereixo, unha turbeira na que nace o río do mesmo nome, o Cereixo; un ecosistema no que perviven diversas comunidades vexetais que están incluídas como de “prioritaria conservación” pola Unión Europea e da que Galiza aínda non cubriu o territorio mínimo que esixe a lei, polo que tería aquí unha boa oportunidade de protexer unha zona de gran biodiversidade.



Esta chaira permanentemente inundada ronda os 20.000 metros cadrados de superficie, e acolle distintas comunidades vexetais de interese, entre as que destacan plantas como *Carex durieui* ou *Arnica montana*, a primeira delas endemismo do noroeste peninsular e que aquí están ben representadas. Ademais, a zona nece-

sita de estudos exhaustivos que poderían confirmar a presenza de plantas tan importantes como *Succisa pinnatifida*, da que só se coñecen 4 pequenas poboacións na península ibérica, todas en zonas moi próximas e en hábitat moi parecido a este.

Respecto á fauna destaca a comunidade de anfibios, con polo menos nove especies, entre as que se poden citar o tritón *Triturus helveticus* e a saramaganta rabilonga *Chioglossa lusitanica*, especie endémica do noroeste ibérico, estando presente o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*), tamén endemismo do noroeste peninsular.

No que se refire ás aves, atopamos aquí a pica das árbores (*Anthus trivialis*), que ten o límite da distribución mundial nestas serras, onde vén só a criar; destaca a abundante invernada da arcea (*Scolopax rusticola*), apreciada peza de caza, e mesmo a presenza dalgunhas rapinas de interese como o falcón abelleiro (*Pernis apivorus*), que nidifica na zona. Por último, mamíferos como o xabarín (*Sus scrofa*) ou diferentes especies de morcegos ameazados usan a zona para alimentarse.

Parece obvio que o emprazamento dun campo de golf na zona destruíría un espazo de gran valor natural e de interese de conservación a nivel comarcal, redución de biodiversidade e hábitat de numerosas comunidades e especies ameazadas. As turbeiras son ecosistemas delicados e moi sensibles ante alteracións hídricas; actuacións nelas como camiños que as atravesen, aterramentos ou mesmo pequenas canles de desaugadoiro poden supor cambios na hidroloxía da turbeira de consecuencias irreparables para a mesma, tanto na súa flora como na súa fauna. Nestes momentos estanse a producir aterramentos nas beiras da Chan do Cereixo para construír camiños que, a pesar da súa posible ou non legalidade administrativa, poderían ser fatais para o ecosistema; e sería preciso entón que non se continúan a facer e no posible atenuar os efectos negativos dos aterramentos que xa se fixeron nos últimos meses.

Está claro que o futuro da Chan do Cereixo debe pasar pola súa protección e unha xestión dirixida ao aproveitamento sustentable dos seus recursos.



Lista de especies observadas na zona.

### Anfibios

<i>Chioglossa lusitanica</i>	Saramaganta
<i>Salamandra salamandra</i>	Píntega común
<i>Triturus boscai</i>	Pintafontes común
<i>Triturus helveticus</i>	Pintafontes palmado
<i>Triturus marmoratus</i>	Pintafontes verde
<i>Discoglossus galganoi</i>	Sapiño pintocho
<i>Bufo bufo</i>	Sapo común
<i>Bufo calamita</i>	Sapo corriqueiro
<i>Hyla arborea</i>	Ra de Santo Antón
<i>Rana iberica</i>	Ra patilonga
<i>Rana perezi</i>	Ra verde

### Réptiles

<i>Lacerta lepida</i>	Lagarto arnal
<i>Lacerta schreiberi</i>	Lagarto das silvas
<i>Podarcis bocagei</i>	Lagartixa galega
<i>Anguis fragilis</i>	Pitacega ou escáncer común
<i>Natrix natrix</i>	Cobra de collar

### Aves

<i>Anas platyrhynchos</i>	Lavanco
<i>Pernis apivorus</i>	Miñato abelleiro
<i>Accipiter gentilis</i>	Azor
<i>Accipiter nisus</i>	Gabián
<i>Buteo buteo</i>	Miñato
<i>Falco tinnunculus</i>	Lagarteiro
<i>Gallinago gallinago</i>	Becacina
<i>Scolopax rusticola</i>	Arcea
<i>Columba palumbus</i>	Pombo torcaz
<i>Cuculus canorus</i>	Cuco
<i>Tyto alba</i>	Curuxa
<i>Strix aluco</i>	Avelaiona
<i>Caprimulgus europaeus</i>	Aveniteira cincenta
<i>Picus viridis</i>	Peto verde
<i>Dendrocopos major</i>	Peto real
<i>Lullula arborea</i>	Cotovía pequena
<i>Alauda arvensis</i>	Laverca

<i>Hirundo rustica</i>	Andoriña
<i>Anthus pratensis</i>	Pica dos prados
<i>Anthus trivialis</i>	Pica das árbores
<i>Motacilla cinerea</i>	Lavandeira real
<i>Troglodites troglodites</i>	Carriza
<i>Prunella modularis</i>	Azulenta
<i>Erithacus rubecula</i>	Paporrubio
<i>Phoenicurus ochuros</i>	Rabirrubio
<i>Saxicola torquata</i>	Chasco
<i>Turdus merula</i>	Merlo
<i>Turdus philomenos</i>	Tordo común
<i>Turdus viscivorus</i>	Tordo charlo
<i>Cisticola juncidis</i>	Carriza dos xuncos
<i>Hipolais poliglotta</i>	Folosa amarela
<i>Silvia undata</i>	Papuxa do mato
<i>Silvia atricapilla</i>	Papuxa das amoras
<i>Regulus ignicapillus</i>	Estreliña riscada
<i>Parus cristatus</i>	Ferreiriño cristado
<i>Parus ater</i>	Ferreiriño negro
<i>Parus major</i>	Ferreiriño real
<i>Certhia brachydactyla</i>	Gabeador
<i>Pica pica</i>	Pega
<i>Corvus corone</i>	Corvo pequeno
<i>Sturnus unicolor</i>	Estorniño negro
<i>Passer domesticus</i>	Pardal
<i>Fringilla coelebs</i>	Pimpín
<i>Serinus serinus</i>	Xirín
<i>Carduelis chloris</i>	Verderolo
<i>Carduelis cannabina</i>	Liñaceiro
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	Cardeal
<i>Emberiza cia</i>	Escribenta riscada

### Mamíferos

<i>Sus scrofa</i>	Xabarín
<i>Sciurus vulgaris</i>	Esquíu
<i>Mustela nivalis</i>	Donesiña ou Donicela
<i>Oryctolagus cuniculus</i>	Coello
<i>Erinaceus europaeus</i>	Ourizo
<i>Lepus granatensis</i>	Lebre
<i>Vulpes vulpes</i>	Raposo